

ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA. RELACIÓN DETALLADA

Realización de intercambios con outros centros (Actividades plurianuais).

Intercambio entre o CPI Ramón Piñeiro de Láncara e o CPI de Castroverde con dous días de actividades culturais, deportivas e convivencia, un en Láncara e outro en Castroverde. Buscarase, cando sexa en Castroverde, algunha visita polo contorno e actividade lúdica posterior, como xa se fixo nos pasados cursos..

Hai tamén unha viaxe conxunta dunha semana de duración, para practicar deportes de inverno e convivir cos alumnos do outro centro.

Este curso voltaremos a facer **Olimpíada Tecnolóxica**, esta vez en Chantada.

TICs en galego (Actividade plurianual).

No centro contamos con sistemas operativos e programas informáticos en galego grazas ó labor do coordinador TIC do centro. Este curso seguirase a procurar instalar o meirande número posible de software e recursos en galego. Este curso ademais estamos a traballar no proxecto ABALAR, por sétimo ano, o que nos posibilita achegarnos a todo tipo de programas e aplicacións en galego. O profesorado é informado das novidades máis salientables en canto a ferramentas en e para o traballo en galego tales como tradutores, dicionarios online, correctores, etc. Temos ademais o proxecto de educación dixital para quinto de primaria, sexto, 1º de ESO e 2º, que conta cunha plataforma completamente en galego.

Traballo na web do centro, redes sociais e na aula virtual (Actividade plurianual) Estas plataformas son un taboleiro para difundir no centro, na comunidade e fóra dela, o traballo no senso da dinamización lingüística. Conta con enlaces a recursos en galego que poidan ser de interese para o alumnado o profesorado e as familias e está aberto ás suxestións dos usuarios.

Blogs de Ciencias Sociais. (Actividade plurianual)

Na web do centro están os enlaces aos blogs de Ciencias Sociais, encamiñados a ser unha ferramenta de axuda e participación do alumnado. Entre eles destaca o de **A Xeografía e a Historia a través da agricultura e os tractores**. Nel preténdese achegar a materia a alumnos con moitas dificultades de aprendizaxe e que amosan moito interese pola agricultura.

Coordinación de actividades normalizadoras mediante o uso do correo electrónico. (Actividade plurianual)

Catro cursos atrás comezamos a empregar de forma sistemática o correo electrónico para difundir suxestións, iniciativas e información de calquera clase relativa ás actividades do equipo de dinamización. Isto non implica a eliminación das canles tradicionais se non que se suma a elas para asegurarse unha coordinación completa e que se poidan facilitar informacións puntuais que non precisan que se reúna a todo o profesorado. Vendo o bo resultado que está a ter este sistema, continuaremos empregándoo este ano.

Participación en concursos literarios, de debuxo e fotografía (Actividade plurianual).

Varias alumnas e alumnos deste centro foron premiadas en certames convocados por concellos e institucións. Seguimos fomentado a participación coma en cursos anteriores.

Fomento da lectura de libros e revistas en galego (Actividade plurianual) Na biblioteca do centro e nas aulas. Este curso temos un novo o Plan de Mellora da Biblioteca co que contamos con máis fondos en galego. Cada grupo conta cunha hora semanal fixa na biblioteca, na que se fomentará a lectura de materiais no noso idioma. Ademais en todas as aulas de primaria existen exemplares que os nenos len, coordinados polas súas titoras. En infantil existen moitos contos en galego que se empregan segundo o criterio das titoras e demais profesorado da etapa.

Difusión entre o profesorado das novidades do cinema galego (Actividade plurianual). Con isto preténdese que todos podamos aproveitar o que se fai en Galicia para traballar na aula. Ademais tamén se fai o mesmo con películas e debuxos animados que teñen versión en galego.

Actividades específicas para a semana das letras galegas (Actividade plurianual). Confección de murais, e diversos traballos sobre o autor e sobre outros temas da tradición e cultura galega. Son traballos de aula que se expoñen de forma conxunta. Farase tamén un festival que inclúe pezas teatrais, música e recitados en torno ao autor homenaxeado. As familias poden asistir ao salón de actos para gozar da representación.

Creación de grupos de teatro (Actividade plurianual) para a representación de pequenas obras que se realizan nos festivais de Nadal, Letras Galegas e Fin de Curso. Isto ten continuidade tódolos anos tanto en educación primaria como en educación secundaria.

Celebración do Samaín (Actividade plurianual). Nas aulas trabállase esta tradición recentemente recuperada resaltando a orixe celta da mesma. Este curso, como novidade, os alumnos aportaron relatos e/ou debuxos de medo, recollendo na escrita partes da tradición oral ou ben inventándoos. Trátase de fomentar a creatividade e a colaboración das familias. En ESO teñen a posibilidade de presentar traballos plásticos por grupos ou individuais, con premios en diferentes categorías. Trabállase tamén con artigos periodísticos sobre este tema, xeralmente tomados das edicións dixitais de varios periódicos. EN Primaria trabállanse máis os contos de medo ou relativos ao Samaín como Corre, Corre Cabaziña.

Celebración do Magosto e do Entroido (Actividade plurianual). Ambas son actividades festivas, con música, xogos, teatro e recitado de poemas, nas que convivimos Infantil, Primaria e Secundaria. Nas aulas, cos titores, trabállase previamente en torno a estes temas, preparando o necesario para as celebracións e, nalgún caso expoñendo aos demais os traballos realizados que poden ser murais, exhibicións, pequenas obras de teatro, etc.

Recuperación da figura do **Apalpador** (Actividade plurianual). Mediante traballos na aula e información ás familias sobre este personaxe do Nadal galego, búscase a recuperación desta tradición no marco do desenrolo sostible e da reflexión sobre o consumo excesivo nesas datas. Empréganse varios contos en galego, artigos periodísticos e información e recursos da CGENDL.

Coñecendo o contorno (Actividade plurianual). Pretenden ser, entre outras cousas, un acercamento dos nenos máis pequenos á cultura local. Están aínda concretándose algunhas delas que se deixan para cando o tempo é mellor.

Festivais (Actividade plurianual).

Celébranse en Nadal, polo Día das Letras e Fin de Curso. Ademais do teatro, que xa se mencionou anteriormente, prepáranse cancións, recitados de poemas, regueifas e baile, coa participación de tódalas etapas educativas.

Revista escolar Sementeira (Actividade plurianual).

Como cada curso, todo o centro participa na elaboración da revista co envío de traballos que despois se publican conxuntamente nun único número. Os traballos van dende debuxos, traballos de clase, proxectos nos que participa o centro, comentario sobre visitas realizadas, fotos de grupo etc. Cómpre salientar que cada curso as aportacións incrementáanse, chegando o ano pasado a unha edición de case 100 páxinas.

Quérote + (Actividade plurianual).

O grupo de alumnos e alumnas ao que se dirixe son rapaces e rapazas de 3º curso da E.S.O. A programación desenvólvese nunha sesión de 100 minutos de duración, que corresponde a dúas clases de 50 minutos do horario lectivo. Pretende dar a coñecer a rede de Centros de Asesoramento Afectivo Sexual Quérote, como un servizo público, gratuíto e confidencial para a mocidade e contribuír ao coñecemento, aceptación e vivencia da sexualidade do xeito máis pracenteiro e satisfactorio.

Plan Director da Garda Civil (Actividade plurianual).

Consta de varias charlas en galego, impartidas por persoal da Garda Civil, sobre aspectos problemáticos da sobre todo relacionados coas tecnoloxías da información e da comunicación, que inciden directamente na vida dos alumnos do centro e das súas familias. Están encamiñadas a alumnado, profesorado, coidadores e/ou pais e nais.

Prensa na aula (Actividade plurianual). Utilización de noticias da prensa diaria relacionadas coa lingua, literatura e cultura galegas. Estase a facer en ESO, na área de Lingua Galega e consiste en ler, comentar e facer diferentes traballos en torno a noticias que van aparecendo nos xornais.

Traballo en grupos interactivos na área de lingua galega (Actividade Plurianual).

Actualmente estanse levando a cabo sesións quincenais de grupos interactivos na clase de galego en, 3º, 4º, 5º e 2º de primaria. Varias nais ou outras persoas da comunidade participan voluntariamente na clase traballando en grupos interactivos, segundo os postulados das comunidades de aprendizaxe. Cada voluntario/a coordina durante quince minutos a un grupo de alumnos. Rematado ese tempo o grupo cambia de lugar e pasa a outro voluntario, de modo que ao final da clase todos os nenos pasaron por tódalas actividades e voluntarios. Esta implicación da comunidade está resultando moi positiva para todos e mellora o rendemento de forma considerable.

Tertulias dialóxicas (literarias e científicas) de centro e de aula. (Actividade plurianual)

Este curso seguirase coa experiencia convidando aos familiares, alumnado e á veciñanza. Teñen lugar na biblioteca cada mes e fanse a partires de clásicos da literatura universal, da filosofía, textos científicos en galego e incluso en portugués. Envíase convocatoria ás familias e carteis para os establecementos públicos informando da actividade. Os cursos de terceiro e cuarto de primaria fan semanalmente unha hora conxunta de tertulia sobre obras da literatura clásica en galego.

Bookcrossing. (Actividade plurianual) En 3º e 4º de ESO e aproveitando datas sinaladas como o día das Letras ou o día do Libro liberarase algún exemplar. Lévese a cabo na área de Lingua e Literatura Galega.

Día do libro. (Actividade plurianual) Aínda están por determinar as actividades para esta celebración, pero que en todo caso vai incluír un día sen libros de texto, como cada curso, pero con libros de contos, novelas, banda deseñada, libros de referencia, etc.

Axenda Escolar. (Actividade plurianual) Dende fai algúns anos, o CPI de Castroverde está a repartir entre o alumnado axendas escolares en galego. Estas están a usarse en Primaria e Secundaria e están totalmente en galego, con información importante para o alumnado e as súas familias. Son unha valiosa ferramenta de comunicación entre a casa e a escola á que tanto profesores coma alumnos estamos moi adaptados e consideramos, hoxe por hoxe, imprescindible no noso labor. Están financiadas polo Concello de Castroverde.

Visita á casa museo de Manuel María. (Plurianual) Con actividades de aula en torno á súa obra e posteriores á visita. Xa se fixo unha primeira saída en ESO.

Visitas ao Pazo de Tor. (Plurianual) Esta actividade supón un achegamento, in situ, a como era a vida na época de esplendor do pazo e tamén, por suposto, ás mostras artísticas e etnográficas que están alí expostas.

Apadriñamentos lectores. (Plurianual) Os alumnos e alumnas de 5º e 6º de ESO están a facer de contacontos para os seus compañeiros de infantil, e 1º e 2º de e primaria, empregando libros dos que eles recordan especialmente gratificante e outros suxeridos polas profesoras de infantil e primeiro ciclo. Exercent tamén a función de padriños que se preocupan dos seus afillados durante o tempo de lecer

Apadriñamentos científicos. (Plurianual) Os alumnos de Bioloxía de ESO fan de monitores de experimentos para os alumnos de 3º, 4º, 5º e 6º de primaria. Estes inclúen a disección dun peixe, observación de invertebrados polo microscopio, análise do contido de almidón e acidez dos alimentos, etc. Esta actividade faise en galego.

Participación no Proxecto Terra. (Plurianual) Alumnos de 4º de primaria coa súa titora, participan este curso neste programa sobre a identidade territorial arquitectura popular, paisaxe, etc.

Suscripción a un diario en galego para utilizar nas clases de Lingua Galega e nas que o precisen, como fonte de información sobre a actualidade da nosa comunidade nos aspectos culturais, sociais, económicos, lingüísticos, etc.

Exposición de obxectos e ferramentas antigas, de uso común na nosa contorna. A idea é que os alumnos traian os obxectos e expliquen como funcionaban ou como se empregaban. Esa información será accesible ao público mediante **códigos QR**.